

INSTRUCCIÓN SOBRE A EMISIÓN AUTOMATIZADA DO CERTIFICADO ACADÉMICO CON CUALIFICACIÓN ECTS (ECTS GRADE) NA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Sistema europeo de transferencia e acumulación de créditos (ECTS) é unha ferramenta do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) que busca facer máis transparentes as titulacións e as materias en termos de aprendizaxe, ensino e avaliación.

Mediante este sistema preténdese facilitar a planificación, impartición e avaliación das titulacións, así como a mobilidade do estudiantado, mediante o recoñecemento de logros, títulos e períodos de aprendizaxe dunha forma áxil.

A Lei 39/2015 promove a tramitación electrónica e o dereito da cidadanía a relacionarse por medios electrónicos coas administracións públicas, reforzando a eficiencia e a redución de cargas administrativas. Un dos compromisos institucionais da Universidade de Vigo é mellorar a calidade e a eficiencia do servizo público ao seu estudiantado mediante o acceso á documentación académica oficial dun modo áxil, seguro e autónomo, sen necesidade de realizar trámites presenciais.

De acordo coa guía de uso do ECTS elaborada no ano 2015 polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) e o establecido na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, a implantación deste sistema constitúe un paso máis na modernización da administración universitaria e na promoción dun modelo educativo centrado no estudiantado.

Neste contexto, establécese un procedemento na Universidade de Vigo (UVigo), para a emisión do certificado académico coas cualificacións ECTS Grade seguindo a presente instrución:

1- Obxecto e ámbito de aplicación

Esta instrución ten por obxecto establecer o novo procedemento para a emisión do certificado académico, “Transcript of Records” (TOR), que inclúa as cualificacións ECTS Grade, conforme á guía de uso do ECTS (SEPIE 2015). Aplicarase ao estudiantado de mobilidade entrante matriculado nos títulos oficiais de grao e mestrado da Universidade de Vigo.

2- Emisión automatizada dos certificados

O estudiantado matriculado na UVigo poderá descargar directamente o seu certificado académico desde a Secretaría Online, asinado electronicamente con código seguro de verificación (CSV), pola persoa que ocupe a Secretaría Xeral da Universidade de Vigo.

Este documento conterá, ademais das materias matriculadas coas súas cualificacións oficiais, as cualificacións ECTS asignadas a cada unha delas, segundo o método de cálculo establecido no apartado seguinte.

3- Criterios para o cálculo das cualificacións ECTS

O método establecido para calcular as cualificacións ECTS na UVigo é o seguinte:

- **Táboa de distribución:**

Como grupo de referencia establécese unha táboa de distribución por plan de estudo e materia, recollendo os datos do estudiantado matriculado na dita materia nos dous cursos académicos anteriores, que obtivese como mínimo un cinco como nota numérica.

A cualificación ECTS informarase no certificado académico, por materia superada, en función da nota numérica obtida e da súa posición relativa dentro do grupo de estudantes que acadan a mesma nota, reflectida no percentil acumulado da táboa de distribución.

Esta táboa de distribución publicarase anualmente na páxina web institucional.

- **Equivalencia de cualificacións:**

A equivalencia de cualificacións co sistema europeo ECTS será a seguinte:

| Percentil acumulado | Porcentaxe | Cualificación |
|---------------------|------------|---------------|
| 91% - 100% | 10% | A |
| 66% - 90% | 25% | B |
| 36% - 65% | 30% | C |
| 11% - 35% | 25% | D |
| 1% - 10% | 10% | E |

- **Documento oficial para as cualificacións:**

A acta é o documento oficial que recolle as cualificacións numéricas do estudiantado, polo que as cualificacións ECTS calcularanse unha vez pechada a acta da materia correspondente e só se esta cualificación é superior a cinco, reflectirase no expediente.

- **Modificacións das cualificacións:**

No caso de modificacións na cualificación numérica, deberá quedar recollida na acta a través do procedemento oficialmente establecido para modificación de actas e reflectirase no certificado académico unha vez pechada a acta, sen que afecte ao resto do estudiantado.

- **Excepcións no cálculo:**

Para o cálculo das cualificacións ECTS non se terán en conta os “non presentados” nin os suspensos, así como os recoñecementos, validacións ou adaptacións.

4- Entrada en vigor e derogación

Esta instrución entra en vigor a partir da súa publicación e deixa sen efecto a instrución do vicerreitorado de alumnado, docencia e calidade pola que se implantan con carácter xeral na Universidade de Vigo as cualificacións ECTS (ECTS Grade) en todos os títulos de 1º, 2º ciclo, grao e mestrado emitida o 15 de maio de 2013.

Vigo, 24 de xullo de 2025

María José Bravo Bosch

Secretaria Xeral da Universidade de Vigo